

## Agrupacións folclóricas

Coruña; a Coral de Ruada, de Ourense e Cantigas e Agarimos, de Santiago, son os catro coros históricos de Galicia, os grandes conservadores do patrimonio popular musical, literario e etnográfico do país ao longo de moitos decenios.

# Catro piares da cultura galega

## Os coros históricos manteñen o patrimonio musical

REPORTAXE DE CARMEN ALONSO

Como é evidente non son os únicos, xa que outros moitos grupos distribuídos polas vilas e cidades galegas traballan na recuperación e conservación de antigas cantigas, danzas, ditos, melodías, obras de teatro popular, mesmo traxes, que non só reproducen, mantendo deste xeito a súa vixencia, senón que divulgan por dentro e por fóra do territorio galego. Pero a lonxevidade das súas traxectorias permítenlles aos seus membros recoller o traballo dos compañeiros precedentes e dispor dun material tan inxente coma valioso.

Os catro coros históricos representan a varias xeracións –prácticamente tantas como aglutina un século– de entusiastas da música e da cultura popular. Xentes dispares no tempo e na condición que tiveron conta de que as pegadas dos seus devanceiros non se esvaecean. E iso, movidos por un impulso vocacional, alleo ás industrias da cultura.

As súas voces foron das primeiras que soaron en galego nas gravacións musicais primixenias, que hoxe son grandes tesouros da historia da música. Por certo, quen queira escoitalos a todos en directo poderá facelo o día 3 de outubro ás 19.00 horas no teatro Rosalía de Castro da Coruña no VI Ciclo de Coros Históricos, organizado por Cántigas da Terra.

A máis antiga destas agrupacións é o Real Coro Toxos e Froles, de Ferrol. O seu nacemento está

vencellado á figura de Manuel Lorenzo Barxa, o gaiteiro máis antigo dos que se ten noticia na cidade departamental, que era operario do Taller de Forxa do Arseal.

A principios do século XX existía unha orquestra de pulso e púa moi aprezada polos ferroláns, Airiños da Miña Terra, que en 1907 fixo unha xira por Cataluña. Nesta xira o grupo estivo acompañado por un coro galego vestido con traxe rexional, integrado por 19 coralistas, dúas parellas de baile, un tamborileiro e un gaiteiro, que era Manuel Lorenzo Barxa.

**En Ferrol** > A partir desa experiencia, Barxa comeza a barallar a posibilidade de crear un coro galego en Ferrol, animado por unha figura indispensable na historia da música tradicional galega como é Perfecto Feijóo Poncet. O coro faise realidade no ano 1915. Primeiro chamábase “Coro Feijóo Toxos e Froles” –como homenaxe a Perfecto–, simplificándose despois en “Toxos e Froles”, e comeza a ensaiar nos locais de Airiños da miña Terra.

Na actualidade a agrupación, que ten a súa sede e o seu arquivo na rúa da Magdalena, conta con escolas folclóricas –o mesmo que Cántigas da Terra e Cantigas e Agarimos–, que o actual presidente, Arturo Lamas, quere potenciar: “É fundamental revitalizar as escolas, que, ata o de agora estaban un pouco mortas, pero trátase dunha tarefa complexa porque

Toxos e Froles, de Ferrol; Cántigas da Terra, da

hai unha deixadez manifesta neste campo. Non sei se é un problema das administracións ou da propia sociedade, que está centrada noutros ámbitos e desatende este”.

Cántigas da Terra xorde na Coruña a finais de decembro de 1916 –o mesmo ano en que nace a primeira Irmandade da Fala tamén na Coruña– e preséntase no teatro Rosalía de Castro en 1917 con Mauricio Farto Parra, un dos fundadores do grupo, como director. Farto Parra era un músico nado en Valladolid, pero de orixe galega, que desenvolveu un labor intenso de investigación da música tradicional galega e de composición.

Esta agrupación estivo vencellada dende a súa creación ao Concello coruñés, o que lle permitiu manter o seu nome e a súa in-

## Cousa de homes, nas orixes

■ Os coros galegos, nas súas orixes, estaban compostos exclusivamente por homes, pero non tardarían en escoitarse voces femininas. A primeira vez que en Galicia se incorporan mulleres no escenario nun coro de música galega tradicional foi en decembro de 1920. O grupo que actuaba era Toxos e Froles, de Ferrol.

Ese mesmo ano o incipiente coro Cantigas e Agarimos tivo que abandonar o local de ensaio que lle cedía o Centro Católico Obreiro de Santiago por admitir mulleres entre os seus integrantes. A Unión Protectora de Artesáns acubilla entón á agrupación nun local seu.

En 1922, na plaza de touros de Corcubión seis mulleres acompañaban a 23 homes nunha actuación de Cántigas da Terra. A partir dese ano a presenza feminina xeralízase.



A Coral de Ruada no ano do seu 75 aniversario (1994) e Perfecto Feijóo

dependencia á marxe dos cambios políticos. Como anécdota coméntase que nas súas actuacións diante de Franco a cinta da bandeira de Galicia que lucían levaba no seu reverso as cores da bandeira republicana, cousa que o ditador, por sorte para eles, nunca soubo.

Esta tranquilidade foi funda-

mental para a conservación do seu arquivo, o mellor de Galicia no eido da música popular: “O feito de que o coro tivera continuidade e independencia dende o seu nacemento ata hoxe foi moi importante para que non se perdesse material –sinala Xosé Carlos Ponte, presidente da agrupación–. Gracias a esa circunstancia agora temos máis de 200 partituras orixinais dos primeiros anos do grupo, o que é unha garantía de pureza”.

**Escenografías** > A iso únese diverso material gráfico e mesmo escenografías, é dicir, conxuntos de decorados, entre eles, algúns de Camilo Díaz Baliño e de Iglesias Roura: “Algúns aínda os utilizamos e outros estamos buscando a maneira de restauralos e polos en valor”, comenta o presidente de Cantigas.

Un valioso arquivo ten tamén a Coral de Ruada –ou coro De Rúa-

### ■ AS CLAVES

#### TOXOS E FROLES

**O coro decano fundouse en Ferrol no ano 1915**

**1** Toxos e Froles é o coro máis antigo de cantos se manteñen activos en Galicia. Dende 1928 ostenta o título de “Real” outorgado por Alfonso XIII, despois de que actuaran ante él e a súa dona, Victoria, en 1927 no pazo dos Duques da Conquista.

#### CÁNTIGAS DA TERRA

**A agrupación coruñesa leva case 94 anos dedicada á divulgación**

**2** Fundada o día dos Santos Inocentes –28 de decembro– de 1916, Cántigas da Terra adícase dende a súa creación a difundir e conservar a cultura galega no ámbito da música popular e tamén das tradicións, a través da escenificación de costumes de labregos e mariñeiros.

#### CORAL DE RUADA

**A entidade naceu en 1918 na ourensá avenida de Zamora**

**3** A coral De Ruada naceu na “Villa Joaquina”, na avenida de Zamora da cidade de Ourense no ano 1918. Os fundadores foron Xabier Prado Rodríguez “Lameiro”, Virxilo Fernández González, Xulio Prieto Nespeira, Fabriciano Iglesias Abella e Cesáreo Eire Santalla.



#### CANTIGAS E AGARIMOS

**A formación máis nova das catro históricas**

**4** Presentouse no Teatro Principal de Santiago, cidade na que se creou, en 1921, co gallo das Festas do Apóstolo. Anque ten moitas distincións, como curiosidade pódese lembrar que no ano 1985 gañou o concurso “Gente joven”, de TVE.





Primeira formación de Toxos e Froles con Barxa no centro, Cántigas e Agarimos no 1924 e Cántigas da Terra na súa fundación (1916) ARQUIVOS DAS CORAIS

## O primeiro en gravar foi Cántigas da Terra

■ O primeiro coro dos catro galegos históricos en gravar un disco foi Cántigas da Terra. Fíxoo no ano 1920 en matrices de cera. Foi o segundo disco da música galega, despois do que gravara a desaparecida agrupación Aires da Terra, fundada por Perfecto Feijóo. Na actualidade Cántigas ten 19 traballos discográficos. Ademais, ao longo da súa traxectoria, ten participado en gravacións para radios e televisións de varios países.

Toxos e Froles gravou por primeira vez a versión íntegra do “Himno galego” en 1922, baixo a dirección de Darío Pazos Cajide, ademais de 19 temas populares, dirixidos por Manuel Lorenzo Barxa, que a Compañía do Gramophone repartiu en dez discos de pedra.

Houberon de pasar corenta anos para que en 1962 se editasen catro discos sinxelos que contiñan quince obras populares e orfeónicas. Na década dos 70 o coro gravou tres LP e outros tres discos na do 2000.

da, como se chamou nun principio–, que celebrou os seus 90 anos en 2009. “O noso arquivo é enorme –afirma Eladio Quevedo, presidente do coro ourensán–. Tantos anos dan para moito. Temos moitísimo material: partituras, publicacións, fotografías, gravacións... E todo dixitalizado”.

A Coral de Ruada naceu en Ourense en 1918 nunha casa da avenida de Zamora, “Villa Joaquina”, pertencente a un dos fundadores, Cesáreo Eire Santalla. O edificio aínda se conserva. En entre os fundadores e principais impulsores do coro atopábase o veterinario, músico e escritor galeguista Xabier Prado Rodríguez “Lameiro”, do que escenificaba –e segue a escenificar– varias obras.

Outro dos seus membros destacados foi Faustino Santalices, o home que recuperou un instrumento medieval, a zanfona, para a música galega, cando xa estaba a piques de desaparecer a finais

### ACTUACIÓN

O día 3 de outubro actuarán os catro coros históricos no teatro Rosalía de Castro da Coruña

do século XIX. Santalices estivo en Coral de Ruada como gaitero, pero, según explica Quevedo, “tamén tocou a zanfona no coro”.

Cántigas e Agarimos ten como precedente directo o coro Queixumes dos Pinos, creado en Santiago no ano 1917, aunque nunca puido presentarse en público debido á gripe de 1918, que acabou coa metade dos seus membros.

O coro santiagués fúndase no ano 1921 por iniciativa de Bernardo del Río Parada, Salvador Cabeza de León, Enrique Sánchez Guerra e Camilo Díaz Baliño.

A ditadura franquista obrigou á

### ARQUIVO

Cántigas da Terra ten o mellor arquivo de Galicia no eido da música popular

agrupación, como a moitas outras entidades musicais do Estado español, a formar parte da Obra Social de Educación e Descanso –que era a entidade que as subvencionaba–, e tamén a cambiar o seu nome polo de Coral Gallega Rosalía de Castro.

En 1954, dous anos despois da morte do seu fundador e primeiro director, Bernardo del Río, a agrupación consegue independizarse de Educación e Descanso para se integrar na Masa Coral Compostelana do Círculo Mercantil e recupera os seus nomes orixinais.

“Eses saltos dunha entidade a

outra perxudicaron moito o noso arquivo. Temos partituras orixinais, moitas delas pezas populares musicadas por Bernardo del Río, pero fáltanos a meirande parte do material das décadas dos 30 e 40 e practicamente pódese dicir que o noso arquivo comeza en 1952 cunha gravación, que é a primeira que se coñece da “Rianxeira””, comenta Antón Fernández, presidente do grupo asentado na rúa da Algalia.

No horizonte destes coros históricos queda o reto da continuidade na conservación e divulgación dese importante patrimonio que custodian. “A continuidade é un grave problema para nós”, recoñece o presidente da Coral de Ruada, Eladio Quevedo. “Facémosnos maiores e precisamos máis xente nova”, engade.

O resto dos presidentes amósanse tranquilos coa continuidade que esperan sementar a través das escolas das agrupacións.

**Participación no cine** > A primeira gravación de Cántigas e Agarimos non foi discográfica, senón cinematográfica, dado que o coro participou na película “La Casa de la Troya” en 1925. En 1929 houbo contactos con casas discográficas de Madrid e Barcelona para gravar discos, mais a imposibilidade de desprazarse de varios dos coralistas impediu que estas se levasen a cabo. Con todo, Antón Fernández asegura que “hai constancia de que o grupo fixo gravacións radiofónicas nos anos 20”.

A Coral de Ruada, pola súa banda, tivo a súa estrea no que atinxe ás gravacións no ano 1929 coa casa Regal. Repetiría en 1955, cun novo disco en Madrid e outro máis en 1964. A agrupación ourensá participou, ademais, en numerosas gravacións de programas de televisión e radio de diversos países do mundo.

## O CREADOR DO PRIMEIRO CORO GALEGO

# Perfecto Feijóo Poncet

A finais do século XIX coa influencia do rexurdimento latente algúns intelectuais comezaron a se interesar polo folclore galego e as súas raíces. Un deses homes foi o boticario Perfecto Feijóo Poncet un dos personaxes senlleiros que deu ao mundo a cidade de Pontevedra.

Feijóo organizaba na súa botica da rúa da Peregrina unha tertulia na que teñen participado intelectuais como Emilia Pardo Bazán, Miguel de Unamuno e Pablo Igle-

sias. Home culto e singular, comezou a tocar a gaita xa de adulto. Logo, adoptou o alcume do “Gaitero do Lérez”. Feijóo era coñecido tamén pola mascota da súa farmacia, o loro Ravachol, que falaba galego e era un pesadelo para moitos dos que entraban no establecemento pola mordacidade e, ás veces, procacidade das súas

exclamacións –dise que ata chegou a chamar “puta” a Emilia Pardo Bazán, cando ésta o ameazou con desplumalo–. O loro mesmo ten unha estatua preto da botica e, hoxe en día, é toda unha icona do antroido pontevedrés.

Perfecto Feijóo fixo un importante labor como musicólogo. Recolleu melodías de gaita, orais e

de zanfona. Ademais, foi o fundador do primeiro coro galego, Aires da Terra, formado por homes de clase media e alta, agás o tamborileiro, que era un humilde aldeano. O grupo ensaiaba na rebotica do seu fundador e comezou a actuar no ano 1900 para disgusto da alta sociedade da época. Daquela nas clases sociais altas considerábase

impropio ensalzar músicas “de aldeia”. Malia dificultades os integrantes de Aires da Terra perseguían o obxectivo común de convencer ás élites e ao público xeral do valor desa cultura do rural. E facíanlo por amor á arte xa que nunca recibiron beneficio económico ningún. O coro, que gravou o primeiro disco de música galega en 1904, desapareceu en 1914. Feijóo favoreceu despois á formación de coros como Toxos e Froles e Cántigas da Terra.